

**ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 2 DE OUTUBRO DE 2017**

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 10:10 horas do día 2 de outubro de 2017, réunese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 28 de setembro, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

**Presidente:** D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Jesús Lago Rey

**Vocais:** D<sup>a</sup>. Susana García Álvarez  
D. Alberto Escariz Couso  
D. Manuel Xosé Lorenzo Penela  
D. José Ángel Lago Filgueira (asiste aos puntos 2a, e 4a)  
D. José Ángel Otero Lamas (asiste aos puntos 7a, 8a, 9a e 10a)  
D<sup>a</sup>. María José Loureiro Bada (asiste aos puntos 8d, 9d e 10d)

**Secretaria:** D<sup>a</sup>. Ángela Fernández López

Aberta a sesión polo Sr. presidente procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

**1.- Aprobación de actas****a) Acta da sesión do 21 de setembro de 2017**

Apróbase a acta da sesión do 21 de setembro de 2017 cos votos de D<sup>a</sup>. Susana García Álvarez, D. Alberto Escariz Couso e D. Manuel Xosé Lorenzo Penela.

**2.- Apertura administrativa****a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de gasóleo tipo c para as instalacións de calefacción e produción de auga quente sanitaria (AQS) de diversas instalacións deportivas dependentes da concellería de deportes (1.145-611)**

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún/s do/s licitador/es. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

A continuación ábrese o sobre A "*Documentación persoal*". Tras a súa cualificación, a Mesa, por unanimidade dos membros asistentes a esta sesión, acorda:

- a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a declaración responsable incluída como Anexo II:
1. CEPESA, S.A.U.
  2. GASÓLEOS AMIGO, S.L.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 06:02	Páxina 1 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAA943-EFB73H-AF55E6-3NLH59-JBZGPB-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

### **b) Procedemento aberto para a contratación das obras de ampliación do parque infantil da rúa Venezuela (9.385-446)**

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún/s dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

Así mesmo, comunica aos membros da Mesa que, segundo o referido certificado, a proposición de DESMACO, S.L. foi presentada o 27 de setembro de 2017, un día despois de que finalizase o prazo de presentación das proposicións “*sen que haxa constancia de comunicación previa vía fax nin telegrama*”.

A continuación ábrese o sobre A “*Documentación persoal*”. Tras a súa cualificación, a Mesa, por unanimidade dos membros asistentes a esta sesión, acorda:

a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a declaración responsable incluída como Anexo II:

1. JARDINCELAS, S.L.
2. ORESA, S.L.
3. ORECO, S.A
4. CIVIS GLOBAL, S.L.
5. CONSTRUCCIÓN OBRAS E VIAIS, S.A.
6. PROYECON GALICIA, S.A.
7. CONSTRUCCIONES RAMIREZ SL
8. CONSTRUCCIONES CERNADAS, S.L.
9. EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A.
10. NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.U.
11. SERGONSA SERVICIOS, S.L.
12. CONSTRUCCIONES Y PROYECTOS ABILLEIRA, S.L.
13. CONSTRUCCIONES OREGA, S.L.
14. CALFENSA PROYECTOS, S.L.
15. ELSAMEX, S.A.U.
16. CONSTRUCCIONES ABAL, S.A.
17. PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, S.L.
18. ACTIVIDADES DE INFRAESTRUCTURAS PUBLICAS Y CONSERVACIÓN, S.L.
19. PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A.
20. CONSTRUCCIONES VALE, S.L.
21. UTE ACEVI, S.L.- ALVAC, S.A. (porcentaxe de participación na UTE ao 50%)
22. UTE ENSAYOS, LABORATORIOS Y CONSTRUCCIÓN, S.L.- EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES LAUREANO COVELO, S.A. (porcentaxe de participación na UTE ao 50%)
23. UNCISA CONSTRUCCIONES E INFRAESTRUCTURAS, S.A.
24. EULEN, S.A.
25. MOVIMIENTO DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.\*

\*MOVIMIENTO DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L. non declara solvencia ningunha. Realizadas as comprobacións oportunas, conséntase que o referido licitador consta inscrito no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público e posúe a clasificación (G-6-4).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 06:02	Páxina 2 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAA943-EFB73H-AF55E6-3NLH59-JBZGPB-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

- b) Non admitir neste procedemento a DESMACO, S.L.U. por ter presentado a súa proposición fóra de prazo (artigo 80 Real decreto 1098/2011, do 12 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos das Administracións Públicas). Segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral, a proposición de DESMACO, S.L. foi presentada o 27 de setembro de 2017, un día despois de que finalizase o prazo de presentación das proposicións “*sen que haxa constancia de comunicación previa vía fax nin telegrama*”.

#### 4.- Apertura económica

##### a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de gasóleo tipo c para as instalacións de calefacción e produción de auga quente sanitaria (AQS) de diversas instalacións deportivas dependentes da concellería de deportes (1.145-611)

En acto público abriuse o Sobre C “*proposición avaliable mediante fórmula*” dos licitadores presentados e admitidos co seguinte resultado:

Licitador	Desconto por litro de gasóleo C (%)
CEPSA, S.A.U.	1,2%
GASÓLEOS AMIGO, S.L.	30%

Non asiste público á apertura.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

##### b) Procedemento aberto para a contratación das obras de ampliación do parque infantil da rúa Venezuela (9.385-446)

En acto público abriuse o Sobre C “*proposición avaliable mediante fórmula*” dos licitadores presentados e admitidos co seguinte resultado:

Licitador	Prezo	Redución prazo execución das obras (días)	Incremento garantía dos elementos do parque (anos)
JARDINCELAS, S.L.	537.817,40 €	60	10
ORESA, S.L.	588.967,03 €	90	8
ORECO, S.A.	709.367,85 €	60	10
CIVIS GLOBAL, S.L.	759.214,50 €	90	5
CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	647.250,22 €	60	2
PROYECON GALICIA, S.A.	503.220,85 €	75	3
CONSTRUCCIONES RAMÍREZ, S.L.	682.680,27 €	92	10
CONSTRUCCIONES CERNADAS, S.L.	575.162,61 €	30	4



Licitador	Prezo	Redución prazo execución das obras (días)	Incremento garantía dos elementos do parque (anos)
EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A.	569.027,99 €	120	10
NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.U.	704.306,41 €	150	12
SERGONSA SERVICIOS, S.L.	526.093,48 €	105	10
CONSTRUCCIONES Y PROYECTOS ABILLEIRA, S.L.	648.503,13 €	60	10
CONSTRUCCIONES OREGA, S.L.	583.522,15 €	48	10
CALFENSA PROYECTOS, S.L.	702.849,32 €	40	10
ELSAMEX, S.A.U.	574.875,84 €	95	10
CONSTRUCCIONES ABAL, S.A.	634.738,28 €	30	10
PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, S.L.	504.916,53 €	61	10
ACTIVIDADES DE INFRAESTRUCTURAS PÚBLICAS Y CONSERVACIÓN, S.L.	608.139,95 €	60	10
PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	612.587,06 €	90	10
CONSTRUCCIONES VALE, S.L.	634.673,32 €	126	9
UTE ACEVI, S.L.- ALVAC, S.A.	653.727,55 €	100	4
UTE ENSAYOS, LABORATORIOS Y CONSTRUCCIÓN, S.L.- EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES LAUREANO COVELO, S.A.	649.230,00 €	90	4
UNCISA CONSTRUCCIONES E INFRAESTRUCTURAS, S.A.	623.630,37 €	30	10
EULEN, S.A.	616.549,34 €	65	10
MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	536.818,90 €	90	10

Asiste á apertura D. Manuel Alonso Vasconcelos, con DNI 36.162.266-X, en representación da Federación Galega da Construción.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

## 7.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes sobre a valoración das xustificacións das ofertas con valores anormais ou desproporcionados

### a) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa García Lorca (4.486-440)

A secretaria lembra aos membros da Mesa que o 21 de setembro, en cumprimento do acordado na sesión do mesmo día, se iniciou o procedemento previsto no artigo 152 do TRLCSP cos seguintes licitadores:



1. CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.
2. S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA

Durante o prazo concedido, só presentou documentación S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA, da que se deu traslado ao responsable do contrato.

O 26 de setembro de 2017 o enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos emitiu informe sobre a xustificación presentada no que conclúe *“NON se pode por tanto chegar á conclusión de que se cumpren os requisitos establecidos no artigo 152 do TRLCSP para considerar xustificada á baixa anormal ou desproporcionada e que poida con ela cumprir o contrato”*.

A Mesa, por unanimidade, acepta o anterior informe e acorda propoñer á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación, a exclusión deste procedemento dos licitadores que deseguido se relacionan, por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados e non telos xustificado:

1. CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.
2. S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA

**8.- Entrega dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos**

**a) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa García Lorca (4.486-440) (informe sobre C e proposta de clasificación)**

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario e o xefe da Área de Investimentos o 28 de setembro de 2017 de valoración do sobre C *“proposición avaliable mediante fórmula”* coa proposta de clasificación.

**b) Procedemento aberto para a contratación do subministro de árbores, arbustos e planta de tempada (9.309-446) (informe sobre C e proposta de clasificación)**

Entrégase o informe asinado polo xefe de Montes, Parques e Xardíns o 28 de setembro de 2017 de valoración do sobre C *“proposición avaliable mediante fórmula”* coa proposta de clasificación.

**c) Procedemento aberto para a contratación do subministro de bancos (9.329-446) (informe sobre C e proposta de clasificación)**

Entrégase o informe asinado polo xefe de Montes, Parques e Xardíns o 27 de setembro de 2017 de valoración do sobre C *“proposición avaliable mediante fórmula”* coa proposta de clasificación.

**d) Procedemento aberto para a contratación dos servizos auxiliares necesarios para o funcionamento dun aula de estudo sita no edificio auditorio-pazo de congresos (18.664-332) (informe sobre C e proposta de clasificación)**

Entrégase o informe asinado pola xefa do Servizo de Educación o 28 de setembro de 2017 de valoración do sobre C *“proposición avaliable mediante fórmula”* coa proposta de clasificación.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 06:02	Páxina 5 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAA943-EFB73H-AF55E6-3NLH59-JBZGPB-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

## 9.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

### a) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa García Lorca (4.486-440)

A Mesa acepta, por unanimidade, o informe asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario e o xefe da Área de Investimentos o 28 de setembro de 2017 de valoración do sobre C “*proposición avaliable mediante fórmula*” coa proposta de clasificación.

### b) Procedemento aberto para a contratación do subministro de árbores, arbustos e planta de tempada (9.309-446)

A Mesa acepta, por unanimidade, o informe asinado polo xefe de Montes, Parques e Xardíns o 28 de setembro de 2017 de valoración do sobre C “*proposición avaliable mediante fórmula*” coa proposta de clasificación.

### c) Procedemento aberto para a contratación do subministro de bancos (9.329-446)

A Mesa acepta, por unanimidade, o informe asinado polo xefe de Montes, Parques e Xardíns o 27 de setembro de 2017 de valoración do sobre C “*proposición avaliable mediante fórmula*” coa proposta de clasificación.

### d) Procedemento aberto para a contratación dos servizos auxiliares necesarios para o funcionamento dun aula de estudo sita no edificio auditorio-pazo de congresos (18.664-332)

A Mesa acepta, por unanimidade, o informe asinado pola xefa do Servizo de Educación o 28 de setembro de 2017 de valoración do sobre C “*proposición avaliable mediante fórmula*” coa proposta de clasificación.

## 10.- Propostas de clasificación

### a) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa García Lorca (4.486-440)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Excluir deste procedemento aos seguintes licitadores, por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificadas, ben porque non presentaron xustificación ningunha en prazo ou porque non se cumpren os requisitos para consideralas xustificadas consonte o informe asinado polo o enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos o 26 de setembro de 2017:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 06:02	Páxina 6 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAA943-EFB73H-AF55E6-3NLH59-JBZGPB-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

1. CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.
2. S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa García Lorca (4.486-440) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación
1	ORECO, S.A.	94,59
2	C.D. INDEPO, S.L.	92,12
3	CIVIS GLOBAL, S.L.	91,75
4	AVAN INTEGRAL, S.L.	90,81
5	HIDROMIÑO, S.L.	90,19
6	CONSTRUCCIONES OREGA, S.L.	89,20
7	EXTRACO, S.A.	88,99
8	XESTION AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.	88,85
9	CONSTRUCCIONES RAMIREZ, S.L.	88,72
10	MISTURAS, S.A.	88,50
11	UTE PRACE-COPSESA	88,37
12	UTE DRAGADOS, S.A. - EXCAVACIONES Y TRANSPORTES BC, S.L.	88,31
13	EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PÉREZ PORTELA, S.L.	86,80
14	HORDESCON, S.L.	86,45
15	CONSTRUCCIÓN OBRAS E VIAIS, S.A.	85,98
16	NAROM, S.L.	85,52
17	UNCISA CONSTRUCCIONES E INFRAESTRUCTURAS, S.A.	82,85
18	COPCISA, S.A.	82,17
19	MOVIMIENTO DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	82,03
20	CONSTRUCTORA SAN JOSÉ, S.A.	81,36
21	PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, S.L.	79,61
22	ORESA, S.L.	76,93
23	LANCER PROYECTOS Y OBRAS, S.A.	73,75
24	CONSTRUCCIONES VALE, S.L.	72,61
25	ASFALGAL TECNICAS VIARIAS, S.L.	71,27

Terceiro.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ORECO, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Cuarto.- Requerir ao citado licitador o aboamento de 991,30 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.



**b) Procedemento aberto para a contratación do subministro de árbores, arbustos e planta de tempada (9.309-446)**

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do subministro de árbores, arbustos e planta de tempada (9.309-446) na seguinte orde descendente:

Licitadores	Puntuación
JESÚS GUTIÉRREZ SIERRA	98,71
PLANTAS DE LEVANTE, S.L.	96,02
CALFENSA PROYECTOS, S.L.	84,03
VIVEROS O PIÑEIRO, S.L.	3,58

Segundo.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, D. JESÚS GUTIÉRREZ SIERRA, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Terceiro.- Requirit ao citado licitador o aboamento de 1.004,28 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

**c) Procedemento aberto para a contratación do subministro de bancos (9.329-446)**

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do subministro de bancos (9.329-446) na seguinte orde descendente:





Licitadores	Puntuación
NOVATILU, S.L.U.	100
GALITEC DESARROLLOS TECNOLÓGICOS, S.L.	64,03

Cuarto.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, NOVATILU, S.L.U., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Quinto.- Requerir ao citado licitador o aboamento de 993,35 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

**d) Procedemento aberto para a contratación dos servizos auxiliares necesarios para o funcionamento dun aula de estudo sita no edificio auditorio-pazo de congresos (18.664-332)**

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Excluir deste procedemento aos seguintes licitadores, por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificadas, ben porque non presentaron xustificación ningunha en prazo ou porque non se cumpren os requisitos para consideralas xustificadas consonte os informes asinados pola xefa do Servizo de Educación o 29 de agosto e 18 de setembro de 2017:

- EULEN CENTRO ESPECIAL DE EMPLEO, S.A.
- EVENTOS Y SERVICIOS NORTE, S.L.
- INTEGRA MXSI CEE, S.L.
- SERVICIOS AUXILIARES DE MANTENIMIENTO Y LIMPIEZA, S.L. (SAMYL)

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación dos servizos auxiliares necesarios para o funcionamento dun aula de estudo sita no edificio auditorio-pazo de congresos (18.664-332) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación
1	SERVICIOS SECURITAS, S.A.	<b>94,93</b>
2	MANTELNOR OUTSOURCING, S.L.	<b>87,42</b>
3	PONTE DAS DONAS	<b>87,00</b>



4	ESC SERVICIOS GENERALES, S.L.	<b>84,50</b>
5	VALORIZA FACILITIES, S.A.U.	<b>81,97</b>
6	ATLANTIC PONTE 2000, S.L.U.	<b>76,04</b>
7	ATLAS SERVICIOS EMPRESARIALES, S.A.	<b>73,58</b>

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, SERVICIOS SECURITAS, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Cuarto.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 1.090,26 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

#### **14.- Dar conta da interposición/resolución de recursos**

**a) Resolución nº 794/2017 do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales (recurso nº 800/2017 - C.A. Galicia 93/2017) interposto por D. Juan Manuel Rodríguez Amil, en representación de 14 traballadores da empresa EMSEBUR, S.L., contra a adxudicación do contrato dos servizos de vixilancia, socorrismo, salvamento e asistencia sanitaria en praias do Concello de Vigo (expediente 11.483-306)**

Dáse conta da citada resolución e infórmase que a Xunta de Goberno local tomou coñecemento dela na sesión do 28 de setembro de 2017.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 11:25 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

A presidenta da Mesa de Contratación  
(sinatura dixital)

A secretaria da Mesa de Contratación  
(sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 06:02	Páxina 10 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAA943-EFB73H-AF55E6-3NLH59-JBZGPB-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		